

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 11 de febreiro de 2014 pola que se aproban as bases e se convocan axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2013/2014.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes, que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a mobilidade de estudantes, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

En aplicación do anterior e sendo conscientes da importancia da mobilidade estudantil, no sentido de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, considera conveniente realizar unha convocatoria de axudas de mobilidade universitaria, primando a excelencia no rendemento académico, que complemente o financiamento das axudas achegadas pola Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente.

Cómpre subliñar que estas accións son compatibles coas bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral e de mobilidade para estudantes universitarios convocadas polo Ministerio de Educación e coas axudas que para este fin destina a Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente. Estas accións complementarias cobren un ámbito de actuación común coas convocatorias de carácter estatal e un ámbito propio que, nalgúns casos e polas súas propias bases, permiten aumentar a cantidade da axuda que recibe o solicitante por parte do Ministerio de Educación.



Polo que antecede,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, axudas complementarias ao programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, destinadas aos estudantes das universidades do Sistema Universitario de Galicia e dos centros asociados da UNED en Galicia que participan no citado programa de mobilidade universitaria durante o curso 2013/2014.

Artigo 2. *Orzamento*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, cunha contía global de 1.300.000 euros, sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería, de conformidade cos supostos contemplados, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Duración da bolsa*

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o curso académico 2013-2014.

Artigo 4. *Requisitos dos/as solicitantes*

a) Ser cidadán da Comunidade Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado español.

b) Estar matriculado no curso 2013-2014 en calquera das universidades públicas do sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

c) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola Unión Europea no marco do Programa



de aprendizaxe permanente para participar na acción de mobilidade para estudos dentro do Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza.

d) Que a duración mínima da estada, para efectos de concesión de bolsa, sexa de tres meses e a máxima de nove meses.

e) Non ter gozado desta axuda complementaria en convocatorias anteriores.

#### Artigo 5. *Prazo e forma de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes deberanse presentar preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado ED417A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria. Deberá remitirse ao Rexistro Xeral da Xunta de Galicia. Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Para dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención ao presentar os formularios por vía electrónica, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico [012@xunta.es](mailto:012@xunta.es). Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da



persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento, non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 6. *Documentación que hai que presentar*

Xunto coa solicitude (anexo I, modelo normalizado ED417A) deberá achegar, copia do DNI do solicitante, en caso de non autorizar a súa verificación.

#### Artigo 7. *Obrigas das universidades*

As universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros asociados da UNED proporcionarán á Secretaría Xeral de Universidades, unha certificación na que conste listaxes completas dos estudantes bolseiros do Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza, indicando nome e apelidos do estudante, número do DNI, NIE, pasaporte ou tarxeta de estranxeiría, país de destino, duración da estadía (trimestre, semestre ou curso completo), titulación na que está matriculado o alumno no curso 2013/2014 e nota media do seu expediente académico, calculado cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración asinado o 27 de xuño de 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG, con data do 30 de setembro de 2013.

#### Artigo 8. *Exposición de listaxes provisionais para emenda de solicitudes e documentación*

1. Unha vez comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, a Secretaría Xeral de Universidades exporá as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas, sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais, e nas oficinas de relacións internacionais das respectivas universidades.



Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

2. Unha vez expostas as listas provisionais de admitidos e excluídos por documentación os interesados disporán, para a reclamación ou emenda das carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Secretaría Xeral de Universidades, dun prazo de dez días, podendo presentar a documentación que corresponda ante o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión archivarase o expediente, logo da resolución de arquivo nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

#### Artigo 9. *Comisión avaliadora*

1. A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: o titular da Secretaría Xeral de Universidades ou, a persoa en quen delegue.

Vogais: dous representantes da Secretaria Xeral de Universidades.

Secretario/a: a xefa do Servizo de Apoio e Orientación aos estudantes universitarios, que actuará con voz e voto.

2. A comisión avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de representantes das universidades galegas en calidade de expertos na materia obxecto da convocatoria.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que, para o efecto, se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.



### Artigo 10. *Selección*

A selección dos bolseiros será realizada pola comisión avaliadora de acordo cos seguintes criterios:

1. Todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria e teñan a documentación completa no prazo sinalado, recibirán unha axuda económica uniforme en función da súa permanencia no programa, que se distribuirá do seguinte modo:

Un trimestre: 240 euros.

Un semestre: 480 euros.

Curso completo: 720 euros.

2. Unha vez distribuída pola comisión avaliadora a contía uniforme citada anteriormente, o orzamento restante dispoñible, se o houber, adxudicarao, entre os solicitantes que posúan unha maior media no seu expediente académico, asignándolle unha contía uniforme de 500 euros, ata esgotar o orzamento.

En caso de empate na nota media do expediente académico persoal, establecida a dous decimais, procederase ao desempate tendo en conta a nota media a catro decimais por orde de prelación de maior a menor.

### Artigo 11. *Proposta de resolución, resolución e publicación*

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través do secretario xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará unha relación nominal de beneficiarios e outra de solicitudes denegadas, coas causas de denegación, así como os demais aspectos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A resolución de concesión das axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>, pola que se entenderán notificados para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para os efectos establecidos no artigo 23, punto 4, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde, será de cinco meses. O prazo comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no dito prazo.

#### Artigo 12. *Pagamentos*

O aboamento da axuda convocada nesta orde realizarase de acordo co estipulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co previsto no último parágrafo da alínea 1ª do artigo 60 do regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Farase un pagamento único da axuda concedida, que se aboará na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

#### Artigo 13. *Compatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as bolseiros/as*

1. Estas bolsas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda. O importe das subvencións, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17 apartado 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os/as solicitantes polo feito de solicitar esta axuda, comprométense a aceptar o contido desta convocatoria e o resultado desta, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Acreditar, mediante certificación, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento



algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

b) Os/as bolseiros/as están obrigados a realizar as actividades previstas nos programas de mobilidade e cumprir os obxectivos destes con aproveitamento.

c) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades, no caso de existir alteración na declaración responsable presentada coa solicitude, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera organismo público ou privado.

d) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determina a dita renuncia.

f) Proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de demora que lle correspondan, no caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, salvo en casos excepcionais xustificadas documentalmente previamente autorizados pola Secretaría Xeral de Universidades.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

3. O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puideran corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Disposición adicional primeira

A presentación de solicitude de concesión da axuda comportará autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas, cando proceda.





A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento

#### Disposición adicional segunda

Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición adicional terceira

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde.



Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Jesús Vázquez Abad  
Consellerio de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN DA UE DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES ERASMUS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED417A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF/PASAPORTE

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS ACADÉMICOS**

ESTUDOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA  
UNIVERSIDADE  CENTRO

TITULACIÓN  NOTA MEDIA SEGUNDO PROTOCOLO

ESTUDOS NO ESTRANXEIRO  
UNIVERSIDADE  PAÍS  DURACIÓN ESTADÍA (MESES)

**DATOS BANCARIOS**


Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

**OBSERVACIÓNS**

CVE-DOG: intaruj78-xii0-ptm6-qb17-5mcm6yw7d2y3



	<p><b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p><b>ANEXO I</b> (continuación)</p>																		
<p><b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b></p>																				
<p>1. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>																				
<p>2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:</p> <p><input type="radio"/> Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como que non existen outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade.</p> <p><input type="radio"/> Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como que existen outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade, a saber:</p>																				
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 60%;">DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO</th> <th style="width: 20%;">ESTADO DA AXUDA (1)</th> <th style="width: 20%;">IMPORTE (€)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>			DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO DA AXUDA (1)	IMPORTE (€)															
DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO DA AXUDA (1)	IMPORTE (€)																		
<p>(1) Poñer CONCEDIDA, PENDENTE ou DENEGADA segundo corresponda.</p>																				
<p>3. Que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias, para obter a condición de beneficiario/a, establecidas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</p>																				

**AUTORÍZASE EXPRESAMENTE**

Para que calquera das universidades do sistema universitario de Galicia facilite á Secretaría Xeral de Universidades cantos datos consten no expediente persoal da persoa solicitante e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI    NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 11 de febreiro de 2014 pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás aportadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade de Erasmus e Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2013/2014.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

CVE-DOG: htaruj78-xii0-ptm6-qb17-5mcm6yww7d2y3

